

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFIA E HISTORIA

## **MATERIAS:**

- **XEOGRAFIA E HISTORIA (1º,2º,3º e 4º E.S.O.)**
- **HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO (1ºBAC.)**
- **HISTORIA DE ESPAÑA (2º BAC.)**
- **XEOGRAFÍA (2º BAC.)**
- **HISTORIA DA ARTE (2º BAC.)**
- **INTRODUCCIÓN Á CULTURA VISUAL (1ºBAC.)**

**ANO ACADÉMICO: 2019-20190**

**IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ DE SARRIA**

# ÍNDICE

1. ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN .....	4
2. CONCEPTOS CLAVE DA PROGRAMACIÓN .....	5
3.1 Contexto do centro .....	6
3.1 Características do centro .....	6
3.2 Características do alumnado.....	7
3.3 Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado.....	7
Obxectivos Educación Secundaria Obrigatoria .....	7
Obxectivos Bacharelato .....	8
4. Secuenciación e temporalización dos contidos .....	9
4.1 Xeografía e Historia 1ºESO.....	9
4.2 Xeografía e Historia, 2º ESO.....	11
4.3 Xeografía e Historia 3ºESO.....	12
4.4 Xeografía e Historia, 4º de ESO.....	13
4.5 Historia do Mundo Contemporáneo 1ºBAC.....	15
4.6 Historia de España, 2º BAC .....	18
4.7 Historia da Arte, 2º BAC.....	21
4.8 Xeografía de España, 2º BAC.....	23
4.9 Introducción á Cultura Visual 1º BAC.....	26
5. ASPECTOS CURRICULARES DE CADA UNIDADE.....	27
5.1 XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO.....	27
5.2 XEOGRAFÍA E HISTORIA, 2º ESO.....	29
5.3 XEOGRAFÍA E HISTORIA 3º ESO.....	33
5.4 XEOGRAFÍA E HISTORIA 4º ESO.....	36
5.5 HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO 1ºBAC.....	40
5.6. HISTORIA DE ESPAÑA 2º BAC.....	45
5.7. HISTORIA DA ARTE 2º BAC .....	54

5.8. XEOGRAFÍA 2º BAC.....	62
5.9 INTRODUCCIÓN Á CULTURA VISUAL 1º BAC.....	72
6. METODOLOXÍA.....	73
6.1 Estratexias metodolóxicas .....	74
6.2 Outras decisións metodolóxicas .....	75
7. AVALIACIÓN .....	76
7.1 Avaliación inicial.....	76
7.1.1 Procedementos de avaliación inicial.....	76
7.1.2 Acreditación de coñecementos previos (2ºBac) [Se procede].....	77
7.2 Procedemento avaliación continua. Criterios de cualificación.....	77
7.3 Procedemento de avaliación final.....	79
7.4 Procedemento de avaliación extraordinaria.....	80
7.5 Procedemento de recuperación e avaliación de pendedes .....	82
8. OUTRAS AVALIACIÓNS .....	83
8.1 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.....	83
8.2 Avaliación da programación didáctica .....	84
8.2.1 Mecanismo de revisión .....	84
8.2.2 Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica .....	84
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	85
9.1 Medidas ordinarias .....	85
9.2 Medidas extraordinarias .....	86
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	86
11. DATOS DO DEPARTAMENTO.....	87
12. RELACIÓN COA RESOLUCIÓN .....	88

# 1. ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

Esta programación baséase no seguinte marco normativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- ORDE do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- RESOLUCIÓN do 29 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2019/20, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. CONCEPTOS CLAVE DA PROGRAMACIÓN

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábeles. Poden concretarse a través dos indicadores de logro
<b>Criterios de cualificación</b>	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. <b>(O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)</b>
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o <b>grao mínimo de consecución</b> esixible dun estándar para superara a materia ( <b>Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015</b> ) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o <b>"o valor"</b> que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avaliálo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . <b>"Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente"</b> (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a
<b>OUTROS ASPECTOS</b>	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo ( <b>Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015</b> )
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave ( <b>Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015</b> )
Avaliación das competencias	<b>"A avaliación do grao de adquisición das completencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º,3 da Orde ECD 65/2015)</b>
Nivel de desempeño das competencias.	<b>... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)</b>
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións oritentadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	<b>Exemplo: B1.1 : B1:</b> Bloque de contido / <b>1:</b> Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	<b>Exemplo: XH B1.1 .2</b> <b>XH:</b> Abreviatura da área: Xeografía e Historia <b>B1.</b> Bloque de contidos do que xorde o estándar <b>1.</b> Número do criterio de avaliación que orixina o estándar <b>2.</b> Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

## 3.1 Contexto do centro

### 3.1 Características do centro

#### Situación

O Centro atópase situado no núcleo urbano da capital do concello de Sarria. E cabeceira da comarca do mesmo nome e formada polos concellos de Sarria, Láncara, Incio, Páramo Paradela, Samos e Triacastela, situándose 31 kms ao sur de Lugo.

#### Centros adscritos

- CEIP Frei Luís de Granada (Sarria)
- CEIP Eduardo Cela Vila (Triacastela)
- CEIP Ricardo Gasset (O Incio)
- CEIP de Samos

#### Ensinanzas que oferta o centro

No centro impártense as seguintes ensinanzas: ESO, Bacharelato de Ciencias da Natureza, Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais e Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

#### Características singulares

O centro sitúase nun concello que ten unha poboación, segundo o censo de 2018, de 13.345 habitantes, 6.524 homes, o que representa un 48,89% e 6.821 mulleres, o 51,11%. A poboación inmigrante representa un 9,34%. A poboación en idade escolar representa un 10,85% do total, co cal o relevo xeracional antóllase complicado.

A densidade xeográfica do concello de Sarria é de 74 habitantes/km<sup>2</sup>, unha das máis elevadas da provincia, isto é debido a que a capital do concello é un importante centro comercial, administrativo e de servizos cunha influencia que abarca unha ampla comarca. Os habitantes que se concentran na vila son un 63,54%, fronte a un 36,45%, que se distribúen nos distintos núcleos rurais. A isto debe engadirse que a este centro veñen alumnos e alumnas de Láncara, O Incio, Samos e Triacastela, zonas eminentemente rurais. Por todo o anterior, hai que sinalar que ao redor dun 60% do alumnado vive na vila de Sarria e o resto nas zonas rurais.

No Bacharelato, ao alumnado do propio centro, súmase o dos centros concertados de Sarria que decide seguir estudos no IES Xograr Afonso Gómez.

## 3.2 Características do alumnado

### Lingua materna dominante

A lingua vehicular e materna do centro é a Lingua Galega. De todo o alumnado que compón o IES Xograr Afonso Gómez, hai un número mínimo de alumnos e alumnas que non teñen ningún coñecemento da lingua.

### Alumnado con NEAE no curso actual

<b>ESO</b>	por discapacidade intelectual	0
	por dificultades físico-motoras	0
	por dificultades sensoriais	0
	por trastorno do espectro autista (TEA)	1
	por trastornos graves de conduta	0
	por dificultades específicas de aprendizaxe	25
	por altas capacidades	1
	por trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH)	6
	por incorporación tardía ó sistema educativo	1
	por condicións persoais ou de historia escolar	14
	De entre este alumnado, 2 teñen ACI, 12 cursan en PMAR	
<b>BAC</b>	por trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH)	1
<b>CMAPSD</b>	por dificultades físico-motoras	1

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.

### Outras características

Poboación inmigrante: número non relevante de alumnos/as, en xeral ben integrados.

## 3.3 Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado

### Obxectivos Educación Secundaria Obrigatoria

1	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9	Comprender e expresar nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coitado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos

	sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## Obxectivos Bacharelato

1	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2	Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego
11	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
14	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
15	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.



## 4. Secuenciación e temporalización dos contidos

### 4.1 Xeografía e Historia 1ºESO.

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Aula Virtual	Temporalización		Probas avaliación
	Tema U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	<b>BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO</b>					
	1	B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar	1	Setem.	6	x
		B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.				
		B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos.				
		B1.4. Localización. Latitude e lonxitude				
	2	B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.	2,3	Out//Nov.	18	x
		B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía				
	3	B1.7. Medio natural europeo: principais trazos.	4,5,6*	Nov/ Dec.	12	x
		B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.				
		B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.				
		B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.				
B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais.						

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Aula Virtual	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	<b>BLOQUE 2:A HISTORIA</b>					
	4	B2.1 Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	7	Xan.	3	x
		B2.2. Fontes históricas.				
		B2.3. Cambio e continuidade.				
		B2.4. Tempo histórico.				
		B2.5. Vocabulario histórico e artístico.				
	5	B2.6. Evolución das especies e a hominización.	8	Xan/ Feb	7	x
		B2.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.				
		B2.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.				
	6	B.2.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.	9	Feb// Mar	20	x
		B.2.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social				
		B.2.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.				
		B.2.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.				
		B.2.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.				
		B.2.12. Idade Antiga: invención da escritura.				
B.2.13. Idade Antiga: historia de Exipto.						
B.2.14. Idade Antiga: relixión exipcia.						
B.2.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.						

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Aula Virtual	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
<b>BLOQUE 2: A HISTORIA</b>						
3ª Avaliac.	7	B.2.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.	9	Abril	12	x
		B.2.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.				
		B.2.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.				
		B.2.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.				
	8	B.2.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	10	Maio	12	x
		B.2.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.				
9	B.2.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.	11	Xunio	6	x	

## 4.2 Xeografía e Historia, 2º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referen- cia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	<b>BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO</b>					
	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Localización. Latitude e lonxitude.</li> </ul>		Sep.	7	
	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.</li> <li>B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía.</li> <li>B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.</li> </ul>		Oct./ Nov.	12	x
	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.</li> <li>B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.</li> <li>B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.</li> </ul>		Nov./ Dec.	12	
	<b>BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO</b>					
4	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.</li> <li>B2.2. Poboación europea: distribución e evolución.</li> <li>B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios</li> <li>B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.</li> </ul>	Temas 1/2  1º libro	Dec./ Xan.	12	x	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referen- cia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	5	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Proceso de urbanización no planeta.</li> <li>B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo.</li> <li>B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.</li> </ul>	Tema 3 1º libro	Feb	6	
	6	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia.</li> <li>B2.9. Paisaxes no territorio español e galego.</li> <li>B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España.</li> </ul>		Feb	6	x
	<b>BLOQUE 3. A HISTORIA</b>					
	7	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.</li> <li>B3.2. Fontes históricas.</li> <li>B3.3. Cambio e continuidade.</li> <li>B3.4. Tempo histórico</li> <li>B3.5. Vocabulario histórico e artístico.</li> </ul>		Mar.	1	
	8	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).</li> <li>B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.</li> </ul>	Tema 1 2ºlibro	Mar.	4	x

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referen- cia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
3ª Avaliac.	9	B3.8. Feudalismo	Tema 2 2ºlibro	Abr.	10	
	10	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.</li> <li>B3.10. Reconquista e repoboación.</li> </ul>	Temas 1/4/5 2º libro	Maio	10	x
	11	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.</li> </ul>	Tema 3 2ºlibro	Xuño	10	
	12	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.12. Arte románica, gótica e islámica.</li> </ul>	Temas 1/2/3/4/5 2ºlibro	Xuño	3	x

### 4.3 Xeografía e Historia 3ºESO.

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	<b>BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO</b>					
	1	B1.1. Localización. Latitude e lonxitude		Setem.	4	
	<b>BLOQUE 3. A HISTORIA</b>					
	2	B.3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia B3.2. Fontes históricas. B.3.3. Cambio e continuidade B.3.4. Tempo histórico B.3.5. Vocabulario histórico e artístico		Sep./ Oct.	3	
	3	B3.6. Idade Moderna: concepto e datación B3.7. Renacemento e Humanismo: alcance posterior. B3.10. Estado moderno: monarquías autoritarias. B.3.11. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia B.3.12. Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América	Temas 1, 2 y 3	Oct.	15	X
	4	B.3.8. Arte renacentista e barroca. B.3.9. Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII.	Temas 1, 2 y 3	Nov.	10	
5	B3.13. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e guerras de relixión; loita pola hexemonía e guerra dos Trinta Anos. B3.10. Estado moderno: monarquías parlamentarias e absolutas	Temas 1, 2 y 3	Dic	5	X	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	<b>BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO</b>					
	6	B.2.2. Sectores de actividade económica.	Tema 4	Dic./Ene	4	
		B2.6. Recursos naturais e actividades agrarias.	Tema 5	Ene	4	
		B. 2.7. Pesca: tipos e problemática.	Tema 5	Ene	1	
	7	B.2.8. Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo	Tema 6	Ene/Feb	6	X
		B.2.9. Actividades terciarias: transporte.	Tema 7	Feb.	5	
		B.2.10. Actividades terciarias: comercio.	Tema 7	Feb./Ma	5	
	8	B.2.11. Turismo.	Tema 7	Maz.	5	X

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
3ª Avaliac.	<b>BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO</b>					
	9	B2.3. Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.	Tema 8, 9 y 10	Maz./Abr	12	
		B2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable.	Tema 10	Abr.	5	X
	10	B.2.12. Causas do desenvolvemento desigual no mundo. Débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.	Tema 11	Abr./My	8	
		B2.13. Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema.	Tema 11	My	6	
B.2.1. Organización política e territorial de España.		Tema 11	Xñ	6	X	

## 4.4 Xeografía e Historia, 4º de ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	<b>BLOQUE 1. O SÉCULO XVIII EN EUROPA ATA 1789</b>					
	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.</li> <li>▪ B1.2. Ilustración.</li> <li>▪ B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII.</li> </ul>	Tema 1	Sep.7 Oct	8	
	<b>BLOQUE 2. A ERA DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS</b>					
	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias.</li> <li>▪ B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español</li> </ul>	Tema 2	Oct.	9	x
	<b>BLOQUE 3. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL</b>					
3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.</li> <li>▪ B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.</li> <li>▪ B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).</li> <li>▪ B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso?</li> <li>▪ B3.5. A ciencia no século XIX.</li> </ul>	Tema 3	Nov.	9		
<b>BLOQUE 4. O IMPERIALISMO DO SÉCULO XIX E A I GUERRA MUNDIAL</b>						
4	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto.</li> <li>▪ B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.</li> <li>▪ B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.</li> <li>▪ B4.4. Revolución Rusa.</li> <li>▪ B4.5. A arte no século XIX.</li> </ul>	Tema 4, 5	Nov./ Dec.	9	x	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	<b>BLOQUE 5. A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS (1919-1945)</b>					
	5	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión</li> <li>▪ B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán.</li> <li>▪ B5.3. II República española e a Guerra Civil.</li> </ul>	Tema 6, 7	Xan	10	
	<b>BLOQUE 6. AS CAUSAS E CONSECUENCIAS DA II GUERRA MUNDIAL (1939-1945)</b>					
	6	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Orixes da II Guerra Mundial.</li> <li>▪ B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.</li> <li>▪ B6.3. O Holocausto.</li> <li>▪ B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.</li> <li>▪ B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.</li> </ul>	Tema 8, 9	Feb./ Mar.	10	x
<b>BLOQUE 7. A ESTABILIZACIÓN DO CAPITALISMO E O ILLAMENTO ECONÓMICO DO BLOQUE SOVIÉTICO</b>						
7	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State".</li> <li>▪ B7.2. Crise do petróleo (1973).</li> <li>▪ B7.3. Ditadura de Franco en España.</li> </ul>	Tema 9, 10	Mar.	10	x	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto	Temporalización		Probos avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
3ª Avaliac.	BLOQUE 8. O MUNDO RECENTE ENTRE OS SÉCULOS XX E XXI					
	8	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.</li> <li>▪ B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.</li> <li>▪ B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982).</li> <li>▪ B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional.</li> </ul>	Tema 11	Abr.	15	
	BLOQUE 9. A REVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E A GLOBALIZACIÓN A FINAIS DO SÉCULO XX E PRINCIPIO DO XXI					
	9	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B9.1. A globalización económica: concepto e características.</li> <li>▪ B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.</li> <li>▪ B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.</li> <li>▪ B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</li> </ul>	Tema 11, 12	Maio	10	x
	BLOQUE 10. A RELACIÓN ENTRE O PASADO, O PRESENTE E O FUTURO A TRAVÉS DA HISTORIA E A XEOGRAFÍA					
10	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B10.2. Cambio e continuidade.</li> <li>▪ B10.3. Tempo histórico.</li> <li>▪ B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea.</li> </ul>		Xuño	12	x	

## 4.5 Historia do Mundo Contemporáneo 1ºBAC.

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto S.M	Temporalización		Probos avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	<b>BLOQUE 1. O ANTIGO RÉXIME</b>					
	1	B1.1. Trazos do Antigo Réxime.	Tema 1	Setem	8	
		B1.2. Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade.				
		B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra.				
		B1.4. O pensamento da Ilustración.				
		B1.5. Relacións internacionais: equilibrio europeo.				
		B1.6. Manifestacións artísticas do momento.				x
	<b>BLOQUE 2. AS REVOLUCIÓN INDUSTRIAIS E AS SÚAS CONSECUCENCIAS SOCIAIS</b>					
	2	B2.1. Revolución industrial: concepto, factores que a fan posible (económicos, sociais e ideolóxicos).	Tema.1,2, 5	Oct.	15	
		B2.2. Revolución ou revolucións industriais: características. Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía.				
		B2.3. Protagonismo de Gran Bretaña e extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. Industrialización extraeuropea. Industrialización española e galega.				
		B2.4. Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e novo concepto de cidade).				
		B2.5. Economía industrial: pensamento e primeiras crises.				
		B2.6. Nacemento do proletariado e organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos políticos obreiros.				X
	<b>BLOQUE 3. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME</b>					
	3	B3.1. Crise do Antigo Réxime: visión global	Tema 1,3,4	Nov.	14	
		B3.2. Nacemento dos EEUU.				
		B3.3. Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais.				
		B3.4. Imperio Napoleónico.				
		B3.5. O Congreso de Viena e o Absolutismo.				
B3.6. Revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848. O caso español.						
B3.7. O Nacionalismo: unificacións de Italia e Alemaña.						
B3.8. Cultura e Arte: Europa entre o neoclasicismo e o romanticismo.						
B3.9. Independencia das colonias hispano-americanas.		x				
<b>BLOQUE 4. A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A I GUERRA MUNDIAL</b>						
4	B4.1. Tránsito do século XIX ao XX: visión global.	Tema 6,7	Dic	10		
	B4.2. Evolución dos principais Estados en Europa, América e Asia: Inglaterra vitoriana; Francia (III República e II Imperio); Alemaña bismarckiana; o Imperio Austro-húngaro; Rusia; os Estados Unidos (da Guerra Civil ata comezos do século XX) e Xapón (transformacións de finais do século XIX).					
	B4.3. Expansión colonial dos países industriais: causas; colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais; consecuencias.				x	
	B4.5. I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias.					
	B4.5. I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias.					

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación	
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesiões		
2ª Avaliac.	<b>BLOQUE 5. O PERÍODO DE ENTREGUERRAS, A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUCIÓNS</b>						
	Unidad 5	B5.1. Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte.		Tema8,9 10 e 11	Xaneir,	14	
		B5.2. Revolución Rusa; formación e desenvolvemento da URSS. consecuencias.					
		B5.3. Tratados de Paz e reaxuste internacional: Sociedade de Nacións.					
		B5.4. Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o "New Deal".					
		B5.5. Fascismos europeos e nazismo alemán					
		B5.6. Relacións internacionais do período de entreguerras; viraxes cara á guerra.					
		B5.7. II Guerra Mundial: orixes do conflito e características xerais.					
		B5.8. Desenvolvemento da II Guerra Mundial.					
		B5.9. Consecuencias da II Guerra Mundial.					
		B5.10. Antisemitismo: o Holocausto.					
B5.11. Preparación da Paz e a ONU.							
<b>BLOQUE 6. EVOLUCIÓN DE DOUS MUNDOS DIFERENTES E OS SEUS ENFRONTAMENTOS</b>							
Unidad 6	B6.1. Formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: Guerra Fría.		12,13,14	Febreir	12		
	B6.2. Evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Conflitos: da Guerra Fría á coexistencia pacífica e a distensión.						
	B6.3. Evolución da economía mundial de posguerra.						
	B6.4. Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo.						
<b>BLOQUE 7. A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO</b>							
Unidad 7	B7.1. Orixes, causas e factores da descolonización		15,	Marzo	12		
	B7.2. Etapas e modelos de descolonización.						
	B7.3. Desenvolvemento do proceso descolonizador : papel da ONU.						
	B7.4. O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo.						
	B7.5. Relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos; nacemento da axuda internacional.						

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación	
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesiões		
3ª Avaliac.	<b>BLOQUE 8. A CRISE DO BLOQUE COMUNISTA</b>						
	8	B8.1. A URSS e as democracias populares.		16	Abril	16	
		B8.2. Irrupción de M. Gorbachov : Perestroika e Glasnost.					
		B8.3. Desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa e as novas repúblicas exsoviéticas.					
		B8.4. Caída do muro de Berlín e evolución dos países de Europa central e oriental.					
		B8.5. Problema dos Balcáns. Guerra de Iugoslavia.					
<b>BLOQUE 9. O MUNDO CAPITALISTA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX</b>							



	9	B9.1. Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda metade do século XX.	17	Maio	15		
		B9.2. Estado do benestar.					
		B9.3. Proceso de construción da Unión Europea: das Comunidades Europeas á Unión.					
		B9.4. Obxectivos e institucións da Unión Europea					
		B9.5. Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90.				X	
	<b>BLOQUE 10. O MUNDO ACTUAL DESDE UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA</b>						
	10	B10.1. Globalización e medios de comunicación: impacto científico e tecnolóxico. Caída do muro de Berlín. Atentados de Nova York. A inmigración como fenómeno globalizado.	18	Xuño	8		
		B10.2. A ameaza terrorista nun mundo globalizado.					
		B10.3. Europa: reto e unión.					
		B10.4. Trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI, tras os atentados do 11 de setembro de 2001.					
		B10.5. Hispanoamérica: situación actual.					
		B10.6. O mundo islámico na actualidade.					
		B10.7. África islámica, subsahariana e Sudáfrica.					
		B10.8. A India e China do século XX ao XXI: evolución política, económica, social e de mentalidades.				X	
	<b>BLOQUE 11. A HISTORIA CONTEMPORÁNEA: O TEMPO HISTÓRICO. MÉTODOS E FERRAMENTAS PROPIAS DA DISCIPLINA</b>						
11	B11.1. Tempo histórico.	Tema 0					
	B11.2. Fontes históricas.						
	B11.3. Vocabulario histórico e artístico da Idade Contemporánea.				X		

## 4.6 Historia de España, 2º BAC

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS		Mes	Sesións	
1ª Avaliac	<b>BLOQUE 0: COMO SE ESCRIBE A HISTORIA. CRITERIOS COMÚNS</b>					
	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas.</li> <li>B0.2. Análise e comentario de fontes.</li> <li>B0.3. Utilidade das fontes.</li> <li>B0.4. Mapas e liñas do tempo.</li> </ul>		Sep	3	
	<b>BLOQUE 1. A PENÍNSULA IBÉRICA DESDE OS PRIMEIROS HUMANOS ATA A DESAPARICIÓN DA MONARQUÍA VISIGODA (711)</b>					
	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza).</li> </ul>		Sep/	1	
	<b>BLOQUE 2. A IDADE MEDIA: TRES CULTURAS E UN MAPA POLÍTICO EN CONSTANTE CAMBIO (711-1474)</b>					
	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte.</li> <li>B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV); diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación.</li> <li>B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais.</li> <li>B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica.</li> <li>B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas.</li> </ul>		Sep/ Oct	2	
	<b>BLOQUE 3. A FORMACIÓN DA MONARQUÍA HISPÁNICA E A SÚA EXPANSIÓN MUNDIAL (1474-1700)</b>					
	4	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal.</li> <li>B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio</li> <li>B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica</li> <li>B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte.</li> </ul>		Oct	2	
	<b>BLOQUE 4. ESPAÑA NA ÓRBITA FRANCESA: O REFORMISMO DOS PRIMEIROS BORBÓNS (1700-1788)</b>					
	5	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia.</li> <li>B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado</li> <li>B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América.</li> <li>B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia.</li> <li>B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica.</li> <li>B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica.</li> </ul>		Oct	2	

BLOQUE 5. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME (1788-1833): LIBERALISMO FRONTE A ABSOLUTISMO					
6	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia.</li> <li>B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.</li> <li>B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista.</li> <li>B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España.</li> <li>B5.5. A obra de Goya como testemuño da época.</li> </ul>		Oct/ Nov.	8	
BLOQUE 6. A CONFLITIVA CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL (1833-1874)					
7	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas.</li> <li>B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases.</li> <li>B6.3. Proceso constitucional.</li> <li>B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal.</li> <li>B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista.</li> </ul>		Nov	8	x
BLOQUE 7. A RESTAURACIÓN BORBÓNICA: IMPLANTACIÓN E AFIANZAMENTO DUN NOVO SISTEMA POLÍTICO (1874-1902)					
8	<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral.</li> <li>B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro.</li> <li>B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba.</li> <li>B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo.</li> <li>B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña.</li> </ul>		Nov.7 Dec	4	
BLOQUE 8. CONTINUIDADE E TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS NO SÉCULO XIX: UN DESENVOLVEMENTO INSUFICIENTE					
9	<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego.</li> </ul>		Dec	7	x

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	CONTIDOS (codificados)		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	BLOQUE 9. A CRISE DO SISTEMA DA RESTAURACIÓN E A CAÍDA DA MONARQUÍA (1902-1931)					

	10	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces.</li> <li>▪ B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía).</li> <li>▪ B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía.</li> <li>▪ B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria.</li> </ul>		Xan.	10	
<b>BLOQUE 10. A II REPÚBLICA. A GUERRA CIVIL NUN CONTEXTO DE CRISE INTERNACIONAL (1931-1939)</b>						
